

# PROGRAMA DE FORMACIÓN

## METODOLOXÍA TEACCH NA AULA E NO CENTRO

**DOCENTE: ROSA ÁLVAREZ**

### **CURSO APLICACIÓN DA METODOLOXÍA TEACCH NA AULA E NO CENTRO**

Nesta acción formativa se traballará sobre as técnicas de ensinanza estruturada (organización do espazo físico, desenvolvemento de sistemas de traballo, uso de estímulos visuais, os sistemas de traballo da estruturación da ensinanza un-a-un, etc). Tamén se abordarán métodos de ensinanza para persoas de alto funcionamento/Asperger, comunicación expresiva e técnicas para o desenvolvemento de habilidades de ocio, sociais ou a intervención condutual.

A Metodoloxía TEACCH foi desenvolta na década de 1970 polo Dr. Eric Schopler. A Metodoloxía TEACCH céntrase en desenvolver programas educativos para a persoa con autismo en función das súas habilidades, intereses e necesidades. A ensinanza estruturada é un dos pilares fundamentais. Algo distinto da Metodoloxía TEACCH é que pon especial énfasis en fomentar os intereses e habilidades de cada persoa, en vez de concentrarse soamente en remediar déficits. Actualmente, o programa TEACCH é coñecido e aplicado en moitos países do mundo e ten recibido numerosos recoñecementos internacionais.

O obxectivo principal do programa TEACCH é previr a institucionalización innecesaria, axudando a preparar ás persoas con TEA a vivir e traballar máis efectivamente no fogar, na escola e na comunidade. Se pon especial énfasis nos problemas individuais para axudar ás persoas con TEA e ás súas familias a vivir xuntos de forma máis efectiva, reducindo ou eliminando os comportamentos non desexados.

Entrénase aos pais e nais a traballar cos seus fillos/as para controlar os problemas de comportamento e mellorar as habilidades sociais, de linguaxe e de aprendizaxe. Deste xeito, a persoa con TEA está preparada para a súa ubicación na escola, nun taller protexido, nun emprego con apoio, nun emprego competitivo, nun fogar grupal ou noutro marco de características comunitarias.



**CURSO : 28 setembro** **2019**

**[ENLACE PARA A INSCRICIÓN](#)**

# METODOLOXÍA TEACCH NA AULA E NO CENTRO

**DOCENTE: ROSA ÁLVAREZ**

**28 de SETEMBRO DE 2019**

**HORARIO de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30**

**Lugar de realización:** Santiago de Compostela, Centro Abanca Praza de Cervantes s/n

## OBXECTIVOS

- Mellorar a base teórica sobre a metodoloxía TEACCH
- Ampliar coñecementos das técnicas educativas da Metodoloxía TEACCH
- Proporcionar ferramentas para a aplicación eficaz da Metodoloxía TEACCH
- Facilitar a elaboración dun deseño individualizado para a ensinanza de habilidades que favorezcan a autonomía persoal da persoa con TEA

## PROGRAMA

- Introducción e contexto (orixe do movemento TEACCH, historia, servizos que presta...).
- Bases ideolóxicas e funcionais: filosofía, obxectivos fundamentais, principios, pautas xerais de intervención, etc.
- Comparación entre as técnicas educativas TEACCH fronte ás tradicionais.
- A cultura do autismo: visión TEACHH sobre as persoas con TEA
- A ensinanza estruturada, a pirámide TEACCH
  - Estructura física: organización do espazo
  - Axendas: a estruturación do tempo. Como elaborar axendas e como evolucionan co tempo.
  - Sistemas de traballo, tipos de sistemas de traballo, o poderoso uso das rutinas, etc.
  - Estructura visual: avaliación da personalización da estrutura, exemplos de materiais e axudas visuais.
  - Información visual: claves para facer visuais as aprendizaxes.
- Aplicación da Metodoloxía TEACCH á intervención en: comunicación, social, conduta, habilidades académicas (lectura, matemáticas, etc.)
- Casos prácticos.

## DESTINATARIOS

O curso está destinado principalmente a profesionais e familias das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia, así como a outros profesionais do ámbito social e sanitario interesados nos TEA



**CURSO : 28 setembro 2019**

# METODOLOXÍA TEACCH NA AULA E NO CENTRO

**DOCENTE: ROSA ÁLVAREZ**

## **DOCENTE**

### **ROSA ÁLVAREZ**

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Sevilla e Master Universitario en discapacidade, integración e necesidades especiais pola Universidade de Cádiz.

Directora técnica da Federación Autismo Galicia dende o ano 2002, é membro de varios grupos de investigación e coautora de varias publicacións de referencia e traducións sobre os Trastornos do Espectro do Autismo.

Dende 2008 exerce tamén como mestra asociada do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Sevilla, e ademáis imparte cursos para profesionais en entidades adicadas á discapacidade, centros de formación de profesorado, xornadas universitarias, etc.

Membro de AETAPI, Asociación Española de Profesionais do Autismo

## **NÚMERO DE PRAZAS: 100**

Asignación de prazas por riguroso orde de inscrición tendo preferencia profesionais e familias das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia.



**CURSO : 28 setembro** **2019**